



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

DEPARTAMENTO: ORIENTACIÓN

DATA:08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Xustificación da adaptación.**
- 2. Obxectivos**
- 3. Ámbitos de actuación.**
- 4. Traballo das especialistas de PT**
- 5. Recursos Xerais**
- 6. Comunicación coas familias**
- 7. Coordinación docente**
- 8. Horarios**



1.- Xustificación

Con motivo do estado de alarma polo COVID-19, a conseguinte suspensión da actividade lectiva presencial convoca a unha modificación das pautas de actuación do Departamento de Orientación.

1.- O primeiro que fixemos foi “ CONSTRUIR REDES” a través de contacto telefónico e vías whatsapp para detectar ao alumnado en risco, colaborando co Equipo Directivo , cos Profesores/as Titoras, cos Equipos docentes e cas Nais-Pais. Con todo, tamén sabemos que a fenda dixital está presente nalgunhas casas. Para salvala e poder minimizar estas desigualdades, de acceso ás novas tecnoloxías, poñémonos en contacto con Servizos Sociais para facerlles achega de material e dar continuidade ós procesos de aprendizaxe. O contacto telefónico con estas familias, tamén é outra liña de traballo, e non só para facer seguimento académico, senón tamén para contribuir a ese equilibrio e benestar emocional, se cadra máis importante nestes tempos de confinamento.

2.-Establecemos contactos con Entidades Locais: Servizos Sociais, Secretariado Xitano, Cruz Vermella, Cáritas, Cooperación Internacional, Directora do Centro Sociocultural de Vite,

3.- A primeiros de abril, a Consellería de Educación puxo a disposición da comunidade docente, unha plataforma de videoconferencia . Estamos dende o noso departamento a implicarnos en profundidade na súa utilización e xa lle demos uso nalgunha **reunión de coordinación** entre nós e cos demais membros da comunidade educativa. Polo tanto, isto abre a posibilidade de **acortar distancias** entre nós e chegado o caso, de establecer **contacto cos alumnos e coas familias**, sempre e cando se estime necesario.

2.-Os Obxectivos que nos marcamos son:

a)Que os alumnos/as empreguen adecuadamente os recursos virtuais: Móviles, Whatsapp, Webs dos centros, correos electrónicos, aulas virtuais, videoconferencias....

b) Acompañar para : compartir emocións , adaptarse aos cambios, acompañar nos medos e incertezas, fortalecer a resiliencia, construír lazo social.

c) Aprender reflexionando xuntos dende as distintas materias sobre o COVID -19, comparación con outras pandemias . Aprender lendo distintos temas , escribindo, creando videos, escoitando música....



c) Fortalecer o acompañamento familiar dos alumnos-as e familias para fomentar o coidadeo e autocoidado con hábitos e rutinas:

- Manexo das emocións con envío de mensaxes curtos de texto e con pautas individuais para o manexo dalgunhas situacións
- Contacto con institucións de axuda a alumnos necesitados e
- Incentivar para que as familias, na medida das súas posibilidades (nos cursos de 1º e 2º de ESO) sexan acompañantes “escolares” na casa.

3.- Ámbitos de actuación

Con motivo da situación creada e a conseguinte suspensión da actividade lectiva presencial, o departamento modifica convoca as pautas de actuación nos **seus tres ámbitos**:

Atención á diversidade: organización (recursos, metodoloxía, horarios,...) que aparece detallada polas profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica atendendo as características e necesidades dos alumnos que apoian dentro da aula, seguindo as orientacións do profesorado das diferentes materias, tendo en conta todas as adaptacións realizadas nas diferentes materias polos departamentos.

Acción tutorial: farase, ben individualmente, vía telefónica, mensaxería instantánea ou ben de forma colectiva vía e-mail, ou videoconferencia segundo a demanda dos tutores/as, familias e alumnado, sempre en coordinación e comunicación cos diferentes tutores/as. Envío a través dos diferentes tutores-as enlaces para suxerir a visita a páxinas de diferentes institucións que lles permita indagar por saídas profesionais do seu interese. As actividades programadas para este trimestre en colaboración con institucións externas ao centro quedan suspendidas retomando o contacto coas mesmas no curso 2020-21, se a situación nolo permite.

AS CONSULTAS PRIORITARIAS ESTÁN RELACIONADAS CON:

- Dificultades emocionais, de ansiedade, distimia, ...
- Dificultades de comportamento, de relación, de autocontrol, de comunicación.
- Dificultades do sono, alimentarias, activación física.



- Dificultades e dúbidas no acompañamento a alumnado con TDAH, TEA, Trastorno da conduta, depresión e outras condicións ou dificultades específicas.
- Dificultades de organización, xestión e planificación das tarefas académicas.
- Dificultades de comunicación cos titores/as e profesorado de materias específicas.
- Dificultades de control e xestión no uso de redes sociais e tecnoloxías.
- Dúbidas sobre xestións académicas: prazos, avaliacións, probas, inscricións, ABAU,,...
- Solicitude de información e orientación sobre calquera tema académico: acceso a estudos, elección de optativas, elección de estudos, coñecemento de opcións educativas ó rematar á etapa, ...

Orientación académico profesional: Un dos ámbitos a desenvolver, preferentemente, neste trimestre: coñecemento dun mesmo e coñecemento da oferta formativa e laboral, estratexias de busca de emprego, optatividade, coñecemento de distintos itinerarios formativos, coñecemento dos estudos universitarios,...

Esta información envíase a través de correo electrónico do alumnado e as consultas coa orientadora serán polo mesmo medio. Se nalgún caso é necesario aclarar dúbidas, obter información máis exhaustiva, etc. farase por teléfono ou videochamada, videoconferencia.

A Orientación académico profesional curso 2019-20 realizarase con material subido á aula virtual do centro polo coordinador desta aula, con información acerca dos diferentes niveis educativos .

Tamén se informará a través do programa Orientaline (programa moi útil para informarse de estudos, becas, residencias universitarias, requisitos,...).

Todo o alumnado e os seus pais/nais/titores legais do IES XELMÍREZ II poderán manter a comunicación continuada para calquera tipo de consulta, co Departamento de Orientación a través de calquera docente e /ou de calquera titora- titor.

Procurarase realizar unha resposta inmediata. En caso de preferir contactar telefónicamente deixar na mensaxe un número de teléfono e procurarase realizar a chamada o antes posible.

A Orientación académica está facendo fincapé en :

AUTOORIENTACIÓN



Recoméndase ó alumnado aproveitar estes días para autoorientarse cos recursos de interese enviados vía titorías. Estas actividades iranse actualizando en función das necesidades presentadas a través de enlaces :

- Organiza tu estudio durante la cuarentena
- Recopilación de recursos para autoorientarse vocacionalmente #YoMeOrientoEnCasa: [APOCLAM](#)

Los recursos seleccionados teñen como características que son abertos e gratuitos, están actualizados, probados e experimentados por orientadores.

- "Encontros Virtuais na Zona USC. 6, 7 e 8 de abril de 2020"
Contacto telefónico con 25 familias e a través de correo electrónico con aquelas familias que directamente o departamento de orientación está traballando con eles, por seres alumnos /as que presentan dificultades diversas.
- Contacto con todas as institucións sociais que acompañan as nosas alumas e alumnos durante o confinamento para que ningún deles se quede atrás .
- Reunión do departamento para consensuar as actuacións das dúas especialistas tanto a alumnado directamente como a coordinación sistemática co profesorado das diferentes materias que apoian na aula.
- Información dos cambios nos prazos e procesos do Sistema Educativo polo confinamento.

4.- TRABALLO DAS ESPECIALISTAS DE PT

Dada a situación tan excepcional que estamos a vivir faise máis necesario ca nunca adaptar o noso traballo ás novas situacións e necesidades que xorden por parte do alumnado e familias en xeral e do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en particular.

Intervención (metodoloxía)

Neste punto é importante sinalar que a metodoloxía empregada por cada profesional varía en función do alumnado co que se traballa: os recursos cos que conta cada familia, as competencias dixitais que posúe cada alumna/o, o seu ritmo de traballo, entre outras. Todas elas son variables a ter en conta, e polo tanto, nos fan empregar distintas liñas e traballo:

- Apoios virtuais: a través da ferramenta Webex facilitada pola Consellería. Este sistema aplícase ao alumnado que o precise.
- Traballo específico e adaptado como apoio ao profesorado das técnicas instrumentais



básicas a través dun sistema de compartición de arquivos. Este é o caso de N.. (1º ESO). Este alumno non pode aproveitar ningún contido do currículo ordinario debido ao gran desfase curricular que presenta, pois sitúase nun nivel de competencia de 1º/ 2º de primaria e polo tanto precisa dun material específico adaptado. Non pode beneficiarse da intervención que a través das distintas plataformas e ferramentas online se utiliza para o conxunto da clase e require dunha atención absolutamente individualizada e supervisada na casa posto que o seu nivel de autonomía é moi baixo. Neste período a coordinación coa familia é telefónica, a través do correo electrónico e da aula virtual. As tarefas son enviadas pola familia tanto ás PTs que interveñen co alumno como á titora para que sexa informado igualmente o profesorado da materia correspondente. Tamén se lle envían enlaces de actividades interactivas con autocorrección e traballa así mesmo con actividades de libros electrónicos. O contacto coa familia é fluído, sen horarios de intervención/comunicación prefixados, se non derivados do ritmo co que o alumno vai realizando as tarefas, e xuntos resolvemos os inconvenientes que van xurdindo adaptando o mellor posible os medios a esta situación.

5.-Recursos xerais

Coma sempre, os recursos cos que contamos son de distinto tipo:

Humanos:

- De maneira interna sinalar as coordinacións dentro do noso departamento, o equipo directivo e o profesorado do centro co que traballa o noso alumnado.
- Externamente destacan as familias. Non só que cada unha ten unha circunstancia particular actualmente, senón tamén temos en conta as características individuais do alumnado.
- Por suposto tamén contamos co soporte da Consellería para posibles consultas.
- Equipo de Orientación Específico da provincia de A Coruña, que é un servizo de apoio ós departamentos de orientación, tamén é defensor de proporcionar axuda que vaia máis aló da atención curricular e facer unha labor de acompañamento
- Colexio de Psicólogos de Galicia



- Aseia Galicia (unha asociación para a saúde emocional na infancia e na adolescencia, que está dando cobertura de apoio emocional e orientación psicolóxica, social e educativa, a aqueles menores e aos seus cuidadores, que se atopan en dificultades de desbordamento emocional derivadas da situación de distanciamento social a causa do estado de alarma decretado pola pandemia do Covid-19. Atende a adolescentes de entre 12 e 18 anos, e a cuidadores de nenos e nenas de 0 a 11 anos.

Materiais: dado que o traballo é completamente telemático tanto alumnado como profesorado empregamos sobre todo ordenador (en ocasións, tableta). Sinalar que --- dos nosos alumnos contan con portátiles ofrecidos polo centro (.) e outro, comentado anteriormente, está á esperar por si o centro recibe novos equipos.

Organizativos: uns dos máis importantes nestes momentos. En canto á coordinación e comunicación coas familias, falaremos dela no seguinte punto. No tocante á organización, no propio departamento existe comunicación fluída a través de ferramentas de mensaxaría instantánea, correos electrónicos e reunións periódicas que garante o traballo conxunto de todas as profesionais. En canto ó resto do profesorado, cada unha das especialistas está en contacto co profesorado das áreas do seu alumnado, empregando maioritariamente a mensaxaría instantánea e o correo electrónico; por suposto, cúmprese as reunións marcadas de claustro e CCP de maneira telemática (coa ferramenta Webex) das que manan acordos e liñas de actuación conxuntas do centro.

6.-Comunicación coas familias

Este punto xa é moi importante de cotiá, pero nestas circunstancias resulta fundamental. Proporcionamos ás familias orientacións e pautas personalizadas para o traballo co alumnado nas súas casas, así como recomendacións salientables.

A comunicación é moi fluída con elas. Realízase a través de chamadas directas e correos electrónicos.

7.-Coordinación docente

Outro dos punto fundamentais nestes momentos. Por un lado, as reunións de órganos colexiados como o Claustro e outros como a CCP, realizados de maneira virtual. Deles derívanse



acordos a nivel de centro.

Noutra banda está a coordinacións que facemos co profesorado de área. En ocasións esta tarefa é complicada debido ao volume de traballo co que o persoal docente conta nestes momentos, e sobre todo cando se trata de alumnado cunha adaptación curricular que precisa tarefas adaptadas individualmente. Dende o Departamento seguimos facendo fincapé na necesidade e obrigatoriedade de proporcionarlle ao alumnado con adaptación curricular as actividades debidamente adaptadas ás mesmas.

8.-Horarios

Os apoios virtuais son os únicos que están suxeitos a un horario, que nestes momentos estamos á espera da concreción por parte da dirección do centro. No resto dos casos adaptámonos ao traballo e necesidades do alumnado.

Santiago, a 8 de maio de 2020

Beatriz Iglesias Atanes

M. José Montero Torreiro

M^a Cruz Presas López